

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 13 de marzo de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 13 de marzo de 2024**, ás 17.10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/16Q/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2024.

2. 2024/3186N PRESIDENCIA

Aprobación inicial da bases reguladoras Programa de cooperación BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico para o exercicio 2024.

3. 2024/3185B PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2024.

4. 2024/3181F PRESIDENCIA

Aprobación inicial das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a Puntos de Atención á Infancia- PAI para o exercicio 2024.

5. 2020/2386Z PRESIDENCIA

Ratificación da resolución da Presidencia núm. 2024/2601 de prórroga da asunción pola Deputación Provincial de Ourense dos servizos mínimos do Concello dos Blancos.

6. 2024/3596P NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para poñer en marcha no curto prazo o transporte metropolitano de viaxeiros na comarca de Ourense.

7. MOCIÓN DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.